



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso sobre a Lei 9/2017 de contratos do Sector Público

CONVOCATORIA: Convenio de colaboración EGAP-DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AU LO ES	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 07/03/2019 - 08:00h ao 20/03/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Obxectivo xeral:

A Deputación Provincial de Ourense na súa misión de asistencia municipal ten como obxectivo a formación continua, non só do seu propio persoal, senón tamén do persoal dos concellos da provincia. A recentemente aprobada lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, supuxo un cambio notable na normativa de contratación pública, incidindo en aspectos tan relevantes como a transparencia e a axilización da contratación pública. Coa finalidade de que as administracións públicas da provincia de Ourense presten un mellor servizo ao cidadán, organízase este curso de formación continua en materia de contratación pública.

Obxectivos específicos:

- 1.- Estudar as novidades normativas que se produciron en materia de contratación pública coa aprobación da Lei 9/2017 de contratos do sector público.
- 2.- Analizar dende unha perspectiva tanto teórica como práctica as claves da nova regulación sobre contratos públicos.
- 3.- Dar a coñecer ao alumnado as especialidades contractuais e a súa problemática, con especial atención á súa incidencia na actividade dos entes locais.
- 4.- Resolver as dúbidas dos participantes sobre a xestión práctica da contratación e compartir experiencias na aplicación das novidades normativas.

DESTINATARIOS

Funcionarios/as da administración local con habilitación de carácter estatal, Técnicos/as de administración xeral e especial das entidades locais e Empregados/as públicos con responsabilidades en materia de contratación.

PROGRAMA

1. Antecedentes e aproximación ao novo texto legal: contextualización da lei 9/2017.
 - 1.1. A tramitación parlamentaria.
 - 1.2. As directivas transpostas e o efecto directo.
 - 1.3. Estrutura e obxectivos da nova lei de contratos do sector público 9/2017.
2. Disposicións xerais da lei 9/2017.
 - 2.1. Obxecto, ámbito e finalidade de aplicación da lei.
 - 2.2. Tipos contractuais.
 - 2.3. Umbrais sara.
 - 2.4. Contratos administrativos e privados.
 - 2.5. Xurisdición competente.
3. Elementos estruturais dos contratos.
 - 3.1. Aspectos xerais da contratación pública e encargos a medios propios.
 - 3.2. Aspectos formais do contrato.
 - 3.3. Recurso especial.
 - 3.4. Competencia para contratar, perfil do contratante e loita contra a corrupción.
 - 3.5. Medidas de auto limpeza.
 - 3.6. Sucesión do contratista.
 - 3.7. Obxecto do contrato.
 - 3.8. Garantías esixibles.
4. A nova gobernanza na contratación pública.
 - 4.1. Novas obrigas na materia de transparencia, integridade e conflitos de intereses, vencellados ás especialidades do mundo local.
 - 4.2. Órganos de contratación.
 - 4.3. Mesas de contratación.
 - 4.4. Outros órganos e rexistros.
 - 4.5. Remisión de información.
 - 4.6. Plataforma de contratos do sector público.
5. Os contratos das administracións públicas.
 - 5.1. Consultas preliminares de mercado.
 - 5.2. Expediente de contratación e tramitación urgente.
 - 5.3. Pregos e especificacións técnicas.

5.4. Adxudicación do contrato. 5.5. Procedemento aberto e aberto simplificado. 5.6. procedemento negociado. 5.7. Asociación para a innovación.
6. Contratos de outros entes do sector público. 6.1. Contratos de poderes adxudicadores nas app (panap's). 6.2. Contratos de entes do sector público na entidade adxudicadora.
7. A fase de execución do contrato. 7.1. Efectos dos contratos e interpretación dos mesmos. 7.2. Execución dos contratos. 7.3. Modificación dos contratos. 7.4. Extinción do contrato. 7.5. Subcontratación.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

- Criterios xerais da EGAP, segundo a resolución do 4 de xaneiro de 2008.
- Darase preferencia no acceso do curso aos empregados públicos da administración local da provincia de Ourense.

3. DATOS EDICIÓNS

OURENSE

LOCALIDADE: Ourense

INICIO / FIN: 26/03/2019 a 30/04/2019

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 30/04/2019

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Ourense, aulas de formación da Deputación de Ourense no Centro Cultural Marcos Valcárcel (rúa Progreso, nº 30, 2º)